

-Formular as propostas que coiden que poden mellorar os resultados das medidas postas en marcha pola consellería para recuperar os hábitats afectados.

Cuarta.-Comisión de seguimento do convenio.

Para velar pola execución deste convenio crearase unha comisión de seguimento composta por un representante da Asociación..., nomeado polo órgano facultado para o efecto, polo subdirector xeral de Recursos Cinexéticos e Piscícolas e por un funcionario que fará as funcións de secretario desta comisión. Esta comisión reunirse cantas veces sexa necesario para conseguir que o convenio acade os seus resultados.

Quinta.-Causas de resolución.

Serán motivos de rescisión deste convenio o incumprimento dalgunha das obrigas establecidas neste convenio, mediante denuncia da parte afectada, oída a comisión a que se refire a cláusula cuarta.

Sexta.-Interpretación do convenio.

Con independencia da Comisión de Seguimento, a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible será a encargada, a través da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, de interpretar e resolver sobre o non disposto, ou sobre calquera problema que xurda por incumprimento deste convenio, incluíndo a súa denuncia ou rescisión.

Sétima.-Vixencia do convenio.

Este convenio estará vixente ata o 15 de decembro de 2006.

E en proba de conformidade, as partes asinan este convenio por triplicado, na data e lugar anteriormente indicados.

Manuel Vázquez Fernández, conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

O/A presidente/a da Asociación... titular do Tecor...

## CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

*Orde do 4 de setembro de 2006 pola que se convocan as axudas para sufragar os gastos causados pola vaga de incendios que asolaron Galicia durante os días 4 a 14 do mes de agosto do ano en curso en vivendas e enxoval doméstico.*

O Decreto 138/2006, do 24 de agosto, de medidas urxentes para a reparación de danos e perdas causados pola vaga de incendios que asolaron Galicia

durante os días 4 a 14 de agosto do ano en curso, regula unha serie de medidas para a reparación dos danos e perdas causados polos incendios forestais durante o citado período.

O artigo 6 do Decreto 138/2006 establece un réxime de axudas por danos causados en vivendas e enxoval doméstico, e o artigo 11 establece que as citadas axudas se financiarán con cargo aos orzamentos das respectivas consellerías afectadas e a disposición derradeira primeira faculta os distintos titulares dos departamentos autonómicos para que, no ámbito das súas competencias, diten as disposicións necesarias para o desenvolvemento do citado decreto.

As axudas reguladas no devandito decreto atéñense ao réxime establecido no artigo 78 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, aínda que acolléndose expresamente ao procedemento de concesión directa, previsto no punto 8 do mesmo artigo, dadas as razóns de interese público, social, económico e humanitario que concorren neste caso.

En consecuencia, por razóns de urxencia, considérase conveniente establecer a convocatoria pública das axudas polos danos causados pola vaga de incendios do 4 ao 14 de agosto.

Así mesmo, tendo en conta a urxencia existente na valoración dos danos e a tramitación das axudas, así como a concorrencia doutros sistemas de cobertura de danos e de axudas que tamén poden amparar o resarcimento das perdas ocasionadas polos incendios nas explotacións agrícolas e gandeiras, cómpre establecer un sistema de xestión centralizado para asegurar unha eficaz e equitativa asignación das axudas aquí reguladas.

A disposición derradeira primeira do Decreto 138/2006, do 24 de agosto, faculta os titulares dos distintos departamentos autonómicos para ditaren, no ámbito das súas competencias, as disposicións necesarias para o seu desenvolvemento.

Xa que logo, de conformidade co artigo 78 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, e no uso das facultades que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente,

**DISPOÑO:**

Artigo 1º.-Obxecto

Esta orde ten por obxecto aprobar as bases reguladoras e a convocatoria dun procedemento de con-

cesión directa das axudas establecidas polo Decreto 138/2006, do 24 de agosto, DOG nº 165, do 28 de agosto, destinadas a sufragar a reparación de danos causados en vivendas e enxoval doméstico pola vaga de incendios que asolaron Galicia durante os días 4 a 14 do mes de agosto de 2006.

#### Artigo 2º.-Persoas beneficiarias.

Poderán solicitar as devanditas axudas as persoas físicas propietarias, usufrutuarias ou arrendatarias das vivendas e enxoval doméstico que sufrisen danos relacionados coa citada vaga de incendios e que, cumprindo os requisitos establecidos nesta convocatoria, sufragasen os gastos necesarios de reparación ou de reposición no caso de que persoa propietaria acredite a perda irrecuperable dalgún ben, de acordo co procedemento regulado nesta orde.

#### Artigo 3º.-Actuacións subvencionables.

1. Danos causados na vivenda que constituía a residencia habitual e permanente dos seus moradores: na parte non comprendida nas axudas aprobadas pola Administración do Estado, e polo importe correspondente ata cubrir o 100% do valor de reparación ou reposición do inmovible danado, sen que en ningún caso o importe da dita axuda poida superar o límite do 100% do prezo máximo de venda dunha vivenda de protección autonómica de prezo xeral na mesma localidade.

2. Danos causados no resto das vivendas: a axuda poderá acadar o 40% do valor de reparación ou reposición do inmovible danado, sen que en ningún caso o importe da dita axuda poida superar o 40% do prezo máximo de venda dunha vivenda de protección autonómica de prezo xeral na mesma localidade. As vivendas deberán dedicarse, cando mínimo, a residencia ocasional, quedando excluídas destas axudas as edificacións ruinosas ou que se atopasen en manifesto abandono.

3. Para os efectos destas axudas entenderanse por vivenda as construcións anexas, instalacións complementarias e elementos comúns no caso de comunidades de propietarios.

4. Serán igualmente subvencionables os danos sufridos no enxoval doméstico de primeira necesidade tanto cando non estivesen incluídos nas axudas aprobadas pola Administración do Estado como na parte que non comprendesen estas axudas e ata cubrir o 100% do importe de reparación ou de reposición.

#### Artigo 4º.-Procedemento de concesión.

1. O procedemento iniciarase mediante solicitude do interesado na cal, ademais de xuntar a docu-

mentación que se indica no modelo normalizado, requirirá a inspección dun técnico designado pola Consellería de Vivenda e Solo co fin de que levante acta dos danos e demais circunstancias relevantes dos bens para os cales pretenda a axuda.

A solicitude de axuda implicará a autorización para que a Administración da comunidade autónoma poida solicitar información de carácter tributario ou económico que fose legalmente pertinente, no marco da colaboración que se estableza coa Axencia Estatal da Administración Tributaria ou con outras administracións públicas, para o cumprimento dos fins relacionados directamente coas funcións de recoñecemento, seguimento e control da axuda.

2. Unha vez que o técnico competente faga a citada visita de inspección e desde a data que esta se efectúe, o prazo máximo para resolver o procedemento e notificar a resolución quedará en suspenso ata que o solicitante achegue as facturas acreditativas do aboamento dos importes investidos na reparación ou reposición dos danos sufridos, de conformidade co establecido no artigo 42.5º da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

De acordo co establecido no artigo 92.1º da Lei 30/1992, a Administración advertirá o interesado de que, transcorridos tres meses desde que este puidese achegar todas as facturas acreditativas do gasto investido e non o fixese, se producirá a caducidade do expediente.

Xunto coas facturas deberá presentar certificación de titularidade da conta bancaria na cal se ingresarán as axudas que correspondan e unha declaración do conxunto de todas as axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes.

3. Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, examinadas estas e en vista da documentación presentada e logo das comprobacións e inspeccións oportunas, o delegado provincial da Consellería de Vivenda e Solo elevará a proposta de resolución de cada expediente á conselleira, quen, en vista delas e tendo en conta o límite orzamentario establecido no artigo 11 desta orde, resolverá o que segundo en dereito proceda.

O prazo máximo para resolver será de tres meses. Transcorrido este prazo sen que se ditase e notificase resolución expresa, os interesados que solicitasen as axudas convocadas por esta orde poderán entender desestimada a súa solicitude.

Contra a resolución da conselleira, que pon fin á vía administrativa, poderanse interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes contado

a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co previsto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben poderá ser recorrido directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo no prazo de dous meses, consonte o establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

#### Artigo 5º.-Pagamento.

Ditada a resolución de concesión tramitarase o correspondente expediente de pagamento e as axudas aos beneficiarios serán aboadas mediante transferencia bancaria.

#### Artigo 6º.-Compatibilidade.

Esta subvención é compatible con outras formas de axuda que o beneficiario poida obter de calquera Administración, entidade pública ou privada, sen que, en ningún caso, a suma das axudas percibidas poida superar o custo da actuación que se protexe.

Artigo 7º.-Deber de colaboración. Reintegro das axudas.

1. Os beneficiarios, ademais das obrigas establecidas no artigo 78 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, quedan sometidos á obriga de facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Consellería de Vivenda e Solo así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas ou o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control de destino das axudas.

2. Toda alteración das condicións que se tiveron en conta para a concesión da axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, sen prexuízo do establecido no artigo 6 desta orde.

3. O incumprimento ou falsidade nas condicións requiridas para o outorgamento da axuda levará consigo, ademais das sancións que pudiesen corresponder, o reintegro da axuda percibida incrementada co xuro legal correspondente desde o seu aboamento.

#### Artigo 8º.-Rexistro de Axudas e Subvencións.

As axudas que se outorguen integraranse no Rexistro de Axudas e Subvencións.

#### Artigo 9º.-Prazo de solicitude.

O prazo de presentación de solicitudes iniciárase a partir do día seguinte ao da data de publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia* e rematará o día 6 de outubro de 2006.

#### Artigo 10º.-Solicitudes.

As solicitudes deberán formalizarse mediante instancia dirixida á delegación provincial da Consellería de Vivenda e Solo que corresponda por situación da vivenda, seguindo o modelo que se recolle no anexo a esta orde. Presentaranse nas oficinas da delegación provincial da Consellería de Vivenda e Solo que corresponda por razón da situación da vivenda ou en calquera das formas previstas na Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Estas solicitudes deberán ir xunto coa seguinte documentación:

a) Fotocopia compulsada do DNI ou NIF do/a solicitante.

b) Título que acredite a condición de propietario/a, usufrutuário/a ou arrendatario/a da vivenda.

c) Fotografías que reflectan os danos.

d) Copia da póliza de seguro dos bens afectados ou, de non ter seguro, declaración xurada de que os bens para os cales solicita as axudas non estaban asegurados.

e) Declaración do conxunto de todas as axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes.

#### Artigo 11º.-Crédito orzamentario e contía.

Poderanse conceder axudas por un importe de 500.000 € con cargo ao crédito que figure consignado para esta finalidade na aplicación 17.02.331A.781.0 do estado de gastos dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

Serán obxecto de denegación as solicitudes presentadas que queden sen cobertura orzamentaria. Non obstante, esta consellería, se así o considerase, poderá ampliar o crédito previsto en vista das solicitudes presentadas.

#### *Disposición derradeira*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2006.

Teresa Táboas Veleiro  
Conselleira de Vivenda e Solo



**XUNTA DE GALICIA**  
**CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO**  
 Dirección Xeral de  
 Fomento e Calidade da Vivenda

PROCEDIMENTO <b>AXUDAS PARA SUFRAGAR OS GASTOS CAUSADOS POLA VAGA DE INCENDIOS FORESTAIS QUE ASOLARON GALICIA DURANTE O MES DE AGOSTO EN VIVENDAS E ENXOVAL DOMÉSTICO</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>VI 432A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
--	--	--------------------------------

**DATOS DO/A SOLICITANTE**

APELLIDOS		NOME		DNI / NIF
ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS			PARROQUIA	
MUNICIPIO		PROVINCIA		
CODIGO POSTAL	TELÉFONO DE CONTACTO		NÚMERO DE MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR	

**DATOS DA VIVENDA OBXECTO DA ACTUACIÓN**

SITUACIÓN (RUA, PRAZA)		PARROQUIA		
MUNICIPIO	PROVINCIA		CÓDIGO POSTAL	

**E na súa representación:**

NOME E APELLIDOS / RAZÓN SOCIAL			CIF / NIF	
ENDEREZO				
PARROQUIA		MUNICIPIO		
PROVINCIA		CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	

**EXPOÑO:**

Que con data do \_\_\_\_\_ un incendio forestal provocou os danos na miña vivenda, enxoval doméstico, construcións anexas ou instalacións complementarias que aquí describo:

**SOLICITO:**

Que realice unha visita de inspección o persoal técnico designado co fin de que tome coñecemento dos danos e demais circunstancias relevantes, así como que me sexa concedida a axuda e os beneficios previstos.

**DECLARO:**

Que todos os datos que figuran neste impreso son certos.

LEGISLACIÓN APLICABLE <i>Decreto 138/2006 de medidas urxentes de axuda para a reparación de danos e perdas causados pola vaga de incendios que asolaron Galicia durante os días 4 a 14 de agosto do ano en curso.</i> <i>Orde do 4 de setembro de 2006 pola que se convocan as axudas para sufragar os gastos causados pola vaga de incendios que asolaron Galicia durante os días 4 a 14 de agosto do ano en curso en vivendas e enxoval doméstico</i>
SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA  _____ de _____ de 2006

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		DATA DE ENTRADA / /
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS / /
		DATA DE SAÍDA / /

Delegado provincial da Consellería de Vivenda e Solo en \_\_\_\_\_

## DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA

- FOTOCOPIA COMPULSADA DO DNI OU DO NIF DO/A SOLICITANTE.
- TÍTULO QUE ACREDITE A CONDICIÓ DE PROPIETARIO/A, USUFRUTUARIO/A OU ARRENDATARIO/A DA VIVENDA.
- FOTOGRAFÍAS QUE REFLECTEN OS DANOS
- COPIA DA PÓLIZA DE SEGURO DOS BENS AFECTADOS OU, DE NON TER SEGURO, DECLARACIÓN XURADA DE QUE OS BENS PARA OS CALESOLICITA AS AXUDAS NON ESTABAN ASEGURADOS.
- DECLARACIÓN DO CONXUNTO DE TODAS AS AXUDAS SOLICITADAS, TANTO AS APROBADAS OU CONCEDIDAS COMO AS PENDENTES DE RESOLUCIÓN. PARA A MESMA FINALIDADE DAS DISTINTAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS COMPETENTES

## DATOS DO/A SOLICITANTE ADICIONAL

APPELLIDOS		NOME		DNI / NIF	
ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS				PARROQUIA	
MUNICIPIO			PROVINCIA		
CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO DE CONTACTO			NÚMERO DE MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR	

## AUTORIZO:

A Consellería de Vivenda e Solo para que solicite da Consellería de Economía e Facenda, da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da administración da Seguridade Social, a subministración dos datos a que se refire o artigo 4 da Orde do 4 de setembro de 2006 pola que se convocan as axudas para sufragar os gastos causados pola vaga de incendios que asolaron Galicia durante os días 4 a 14 do mes de agosto do ano en curso en vivendas e enxoval doméstico .

....., \_\_\_\_ de ..... de 200

(Sinatura do solicitante ou representante)

Asdo.:

## **CENTRO DE ESTUDOS XUDICIAIS E SEGURIDADE PÚBLICA DE GALICIA**

*Resolución do 24 de agosto de 2006 pola que se convocan once cursos de segundo nivel de accidentes en estrada.*

Dentro do programa de actividades que o Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia ten previsto realizar no ano 2006, e conforme coas funcións atribuídas pola Lei 1/2005, do 4 de enero, de creación do Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia, anúnciase a convocatoria de 11 cursos de accidentes en estrada, que deberán desenvolverse conforme as seguintes bases:

### **Primeira.-Obxectivos.**

Dotar o persoal voluntario de protección civil dunha formación teórico-práctica que lle facilite a realización das tarefas que teña encomendadas, adquirindo unha especialización na prevención e na intervención nos accidentes de circulación.

### **Segunda.-Destinatarios.**

Os cursos van dirixidos aos membros das agrupacións de voluntarios de protección civil da Comunidade Autónoma de Galicia que previamente superasen o curso básico.

### **Terceira.-Desenvolvemento.**

1. Prazas: o número de prazas ofertadas para cada curso é de 30.

2. Duración, data e lugar: os cursos terán lugar durante o segundo semestre do ano 2006 e cunha duración de 34 horas lectivas.

As datas e lugares quedan por determinar en función do número e localización de solicitudes.

### **Cuarta.-Solicitudes e prazo de inscrición.**

1. A inscrición dos participantes é gratuíta.

2. O persoal que desexe participar nestes cursos deberá presentar, cuberta a máquina ou con letra moi clara, a instancia que figura no anexo.

3. O prazo para a presentación de instancias rematará o día 23 de setembro de 2006.

4. As instancias deberán vir asinadas polo presidente da agrupación e seladas por esta, e no caso de haber máis dunha solicitude da mesma agrupación, relacionalas por orde de preferencia. Este será

requisito indispensable para ser admitido na proba de acceso ao curso.

5. As instancias deberán enviarse por correo á sede do Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia: avenida da Cultura, s/n, 36680 A Estrada, ou por fax ao nº 986 59 09 88 ou ben poden entregarse en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

### **Quinta.-Contido.**

O contido dos cursos de 2º nivel sobre accidentes en estrada divídese en tres partes:

a) Introducción. Conceptos xerais.

b) Primeiros auxilios.

c) Accidentes de vehículos. Mercadorías perigosas. Excarceración.

### **Sexta.-Relación de admitidos.**

A relación de participantes admitidos para a realización do curso exporase no taboleiro de anuncios do Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia, sen prexuízo da oportuna notificación aos seleccionados con antelación á celebración do curso. Tamén poden confirmar a súa admisión chamando ao teléfono 986 59 02 46 ou consultando a páxina web <http://cexesga.xunta.es>.

### **Sétima.-Asistencia.**

É obrigatoria a asistencia e puntualidade en todas as actividades do curso. A falta de asistencia, mesmo cando sexa xustificada, en máis dun 10% das horas lectivas programadas determinará a cualificación de non apto no curso.

### **Oitava.-Certificado de aproveitamento.**

Ao remate dos cursos entregaráselles un certificado de asistencia e aproveitamento a aquelas persoas que acrediten a súa asistencia continuada e superen as correspondentes probas de coñecementos prácticos.

### **Novena.-Modificacións.**

O Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia poderá modificar o desenvolvemento dos cursos para adaptalos ás necesidades da Administración e ás continxencias que poidan xurdir.

A Estrada, 24 de agosto de 2006.

Carlos Suárez-Mira Rodríguez  
Director xeral do Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia